



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE SETE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 29)

Presidente:

D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo

D. Álvaro Santos Ramos

D. Pablo Rivera Capón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Lino Rodríguez Ónega

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Eduardo Vidal Baamonde

D^a. Sonsoles López Izquierdo

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **sete de xuño de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen-se os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de maio de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE LUGO.- REPARACIÓN DE CUBERTA DO PAZO PROVINCIAL DE SAN MARCOS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(…)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 01 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 391.181,38€, dos cales 67.890,98€ son de IVE, correspondente á obra: LUGO.- Reparación de cuberta do pazo provincial de San Marcos.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 15 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra, por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.



En reunión celebrada Pola Mesa de contratación, con data 27 de marzo de 2019, deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como LUGO.- Reparación de cuberta do pazo provincial de San Marcos segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 15 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

LUGO. REPARACIÓN DE CUBERTA DO PAZO PROVINCIAL DE SAN MARCOS
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)
 VALOR ESTIMADO
 CLASIFICACIÓN EXIGIDA:
 PRAZO DE EXECUCIÓN:

391.181,37	
323.290,39	67.890,98

NO
4 MESES

MAXIMO
16.164,52

EMPRESAS / (GRUPO)		(A) PRECIO (85)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA (10)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
		PREZO (IVE incluído -- art 102)	Oferta (MAX 24 meses)	Oferta (sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1	ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SL	359.274,53 €	24,00	1.000,00 €	4/0
2	CABERO EDIFICACIONES SA	388.443,11 €	24,00	0,00 €	-/-
3	CANALUGO INTERNACIONAL SLU	347.928,45 €	24,00	2.800,00 €	4/0
4	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL	346.195,52 €	24,00	16.164,51 €	12/0
5	UTE: CUFA CUBIERTAS VENTILADAS SL -GALASUR SL	376.297,90 €	24,00	12.290,00 €	23/0
6	OBRAS GALLAECIA SL	374.394,57 €	24,00	16.164,52 €	13/0
7	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	367.307,60 €	24,00	16.164,52 €	11/0
8	PERALTE SA	352.063,24 €	24,00	0,00 €	11/1
9	PRADO LAMEIRO SL	358.160,00 €	24,00	16.164,00 €	8/0
10	PROYECON GALICIA SL	318.090,85 €	24,00	15.000,00 €	108/1
11	REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA	310.000,00 €	12,00	12.809,91 €	9/0
12	ROFERLO SL	378.751,42 €	24,00	15.000,00 €	10/0

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), comprobouse si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA (A-B)
			Oferta
1	ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SL		359.274,53 €
2	CABERO EDIFICACIONES SA		388.443,11 €
3	CANALUGO INTERNACIONAL SLU		347.928,45 €
4	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL		346.195,52 €
5	UTE: CUFA CUBIERTAS VENTILADAS SL -GALASUR SL		376.297,90 €
6	OBRAS GALLAECIA SL		374.394,57 €
7	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL		367.307,60 €
8	PERALTE SA		352.063,24 €
9	PRADO LAMEIRO SL		358.160,00 €
10	PROYECON GALICIA SL		318.090,85 €
11	REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA		310.000,00 €
12	ROFERLO SL		378.751,42 €

MEDIA
356.408,93

BAIXA
DESPROPORCIONADA
320.768,04

10% ARRIBA
392.049,83

A vista do anterior, observándose que a oferta presentada polas mercantís PROYECON GALICIA SL e REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA SL incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia aos contratistas indicados para que xustifiquen a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 02 de maio de 2019, tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, en relación co requirimento ás empresas PROYECON GALICIA SL e REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA SL, cuxas ofertas incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. En dito informe contéñense, entre outros, os seguintes extremos:

“(…)

Polo Servizo de Contratación e Fomento– Unidade de obras e plans- requiriuse ás mercantís PROYECON GALICIA SL e REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA SL, para que xustifiquen a súa oferta desproporcionada, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles, a través de escritos de data 03 de abril de 2019, achegado polo canle do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura, do día 04 de abril de 2019, en ambos casos.



A empresa PROYECON GALICIA SL, achegou dentro do prazo outorgado, xustificación da súa oferta, que unha vez recibida foi remitida á Xefa do Servizo de Arquitectura, autora do proxecto, para que emitira informe no prazo mais breve posible.

Pola Xefa do Servizo de Arquitectura, en data 25 de abril de 2019, remítese informe, no que entre outros, constan os seguintes extremos:

“(…)

La justificación presentada por la mercantil, PROYECON GALICIA S.A., para defender la viabilidad de su oferta económica, recoge en un escueto escrito de una página seis razones genericas que hacen referencia a las circunstancias sobre las que el artículo 149.4 indica que debe centrarse la argumentación y que no apoya con ningún cálculo o documento adicional.

La primera de los motivos que según la empresa justifica el precio ofertado es el ahorro que le supone no pagar el alojamiento y los desplazamientos de la gente adscrita a la obra porque al tener una obra en las proximidades incurren en menos gastos de personal. Respecto a este motivo, tenemos que indicar que no facilita ningún dato para determinar el ahorro que esto produciría para verificar la viabilidad de la oferta, pero además hay que indiciar que la práctica totalidad del personal de la obra que supone un coste directo de la misma (operarios, encargados, etc...) no pueden hacer dos obras a la vez, por lo que tendría que pagar sus alojamientos y desplazamientos.

El segundo motivo a legado, se refiere a la proximidad de los proveedores de materiales. De nuevo no aporta ningún dato que justifique la cuantificación del ahorro, pero es que además los proveedores próximos que ofertan mejores precios de los suministros, lo están para cualquier otro licitador por lo que no es una razón que le de ventaja a PROYECON GALICIA S.A., al no tener la exclusividad del suministro.

El argumento esgrimido en tercer lugar hace referencia a la experiencia de la empresa que se refleja en unos mayores rendimientos y que como consecuencia provoca un menor plazo de ejecución. Nuevamente la afirmación carece de apoyo en ningún dato o documento que permita cuantificar el ahorro.

Lo mismo podemos decir de la justificación recogida en el apartado cuatro, que no se acompaña de ninguna clase de documento o dato que permita comprobar el volumen de obra, ni los acuerdos con proveedores.

Cabe decir lo mismo del motivo expuesto en el apartado quinto que hace referencia a la disponibilidad de maquinaria propia, totalmente amortizada, ya que no han aportado ninguna relación de maquinaria con sus características técnicas, ni ningún cálculo que permita si quiera aproximar la repercusión que esto tiene sobre el coste de la obra. Por otro lado el hecho de disponer de maquinaria totalmente amortizada suele implicar que esta tiene cierta antigüedad y puede que por tanto, cierto grado de obsolescencia, de manera que con un parque de maquinaria con estas características, el coste de las reparaciones y el más bajo rendimiento, por los parones producidos por las averías y la menor eficiencia, pueden anular las ventajas del hecho de que este amortizada.

Tras lo expuesto anteriormente, se puede decir que la argumentación para la justificación de la oferta económica de la empresa, PROYECON GALICIA S.A., incurso en presunción de anormalidad, identificada por la Mesa de Contratación convocada en el procedimiento de contratación de obra "LUGO- Reparación de cubierta do pazo provincial de San Marcos no explica razonablemente los bajos costes propuestos y, por ende, la viabilidad de su oferta; de donde no cabe sino concluir que la justificación es insuficiente".

A empresa REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA SL non consta que presentara xustificación no prazo outorgado, segundo informe da Unidade de Rexistro Xeral emitido en data 25 de abril de 2019.

Doutra banda, entre as funcións da mesa de contratación, o artigo 22.f do RD 817/2009, de 8 de maio, do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Contratos do Sector público, precisa "...Cuando entienda que alguna de las proposiciones podría ser calificada como anormal o desproporcionada, tramitará el procedimiento previsto al efecto por el artículo 136.3 de la Ley de Contratos del Sector Público, y en vista de su resultado propondrá al órgano de contratación su aceptación o rechazo, de conformidad con lo previsto en el apartado 4 del mismo artículo".



De non presentarse xustificación da oferta presentada, non cabe a súa valoración e verificación da súa viabilidade, de modo que a execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato queda garantido nos termos fixados nos pregos de condicións (ver acordo 21/2013, do 30 de abril, do TAC de Aragón) e igualmente que naquela oferta desproporcionada ou anormal non existen prácticas restritivas de competencia.

Neste sentido, e como recorda o TACRC, en resolución 217/2011, do 14 de novembro, no procedemento de xustificación da oferta non é suficiente unha afirmación, senón que se require unha explicación, que mal pode combatirse se non queda reflexada por escrito.

Asemade debe terse en conta que a cualificación dunha oferta como desproporcionada ou anormalmente baixa enténdese como presunta; presunción que se pode desmontar coa xustificación ou defensa das razóns que motivaron a presentación de tal proposición. Ao non aportarse naquel trámite xustificación algunha, permanece viva a presunción de temeridade (Resolución nº 385/2015, do 21 de xullo de 2015 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Estremadura).

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte acordo:

Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, a oferta da mercantil PROYECON GALICIA SL, ao non considerarse xustificada a súa oferta desproporcionada ou anormalmente baixa, elevando ao Órgano de Contratación proposta de exclusión.

Rexeitar, ao non presentar a xustificación da oferta desproporcionada ou anormal, a oferta da mercantil REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA SL, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Que se proceda á valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 10 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

Pola Mesa, por unanimidade, acordouse aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á Acta, polo que se procedeu á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (85)		AUMENTO PRAZO GARANTÍA (10)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	OFERTA (MAX 24)	Ptos	Oferta (máximo 5% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SL	359.274,53 €	60,29	24,00	10,00	1.000,00 €	0,31	70,60
2	CABERO EDIFICACIONES SA	388.443,11 €	5,17	24,00	10,00	0,00 €	0,00	15,17
3	CANALUGO INTERNACIONAL SLU	347.928,45 €	81,73	24,00	10,00	2.800,00 €	0,87	92,60
4	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU	346.195,52 €	85,00	24,00	10,00	16.164,51 €	5,00	100,00
5	UTE: CUFA CUBIERTAS VENTILADAS SL -GALASUR SL	376.297,90 €	28,12	24,00	10,00	12.290,00 €	3,80	41,92
6	OBRAS GALLAECIA SL	374.394,57 €	31,72	24,00	10,00	16.164,52 €	5,00	46,72
7	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL	367.307,60 €	45,11	24,00	10,00	16.164,52 €	5,00	60,11
8	PERALTE SA	352.063,24 €	73,91	24,00	10,00	0,00 €	0,00	83,91
9	PRADO LAMEIRO SL	358.160,00 €	62,39	24,00	10,00	16.164,00 €	5,00	77,39
10	ROFERLO SL	378.751,42 €	23,49	24,00	10,00	15.000,00 €	4,64	38,13

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 07 de maio de 2019 adoptouse a seguinte Resolución:

“(…)

Rexeitar, en base ao informe técnico emitido, e ao no presentar xustificación respectivamente, a oferta das mercantís PROYECON GALICIA SL e REFORMAS Y SISTEMAS DE GALICIA SL, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.



Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
			PUNTOS
1	CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SL		100,00
2	CANALUGO INTERNACIONAL SLU		92,60
3	PERALTE SA		83,91
4	PRADO LAMEIRO SL		77,39
5	ANLLAR MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES SL		70,60
6	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO SL		60,11
7	OBRAS GALLAECIA SL		46,72
8	UTE: CUFA CUBIERTAS VENTILADAS SL -GALASUR SL		41,92
9	ROFERLO SL		38,13
10	CABERO EDIFICACIONES SA		15,17

Requirir ao contratista CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de saída de data 10 de maio de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 13-05-2019, foi requirida á mercantil CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 14.305,60 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU, achegou a través de escrito de data 24 de maio de 2019 a indicada documentación.

Tendo en conta o informe da Secretaria Xeral de data 20 de maio de 2019 sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como “zona de certeza” ou de “administración ordinaria”, con encaixe, en concreto, nos “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos

operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xerais ou acordos corporativos”.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra LUGO.- Reparación de cuberta do pazo provincial de San Marcos conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU, representada por D. Julio López González no prezo de 346.195,52 € dos cales 60.083,52 € son de IVE; un aumento do prazo de garantía contractual de 24 meses por enriba dos valor obrigatorio de 12 meses, e dicir 36 meses; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 16.164,51 € e 3.394,55€ de IVE, e un prazo de execución de 4 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como o aumento do prazo de garantía, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.



Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a execución da obra LUGO.- Reparación de cuberta do pazo provincial de San Marcos conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LOPEZ URDI SLU, representada por D. Julio López González no prezo de 346.195,52 € dos cales 60.083,52 € son de IVE; un aumento do prazo de garantía contractual de 24 meses por enriba dos valor obrigatorio de 12 meses, e dicir 36 meses; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 16.164,51 € e 3.394,55€ de IVE, e un prazo de execución de 4 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, así como o aumento do prazo de garantía contractual, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

2º.- Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Requerir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA IDENTIFICADA COMO CASTRO DE REI.- CONSTRUCCIÓN DUNHA UNIDADE DE LEITE NA GRANXA GAYOSO CASTRO, GRANXA EXPERIMENTAL CAMPUS TERRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Antecedentes

Por acordo da Xunta de Goberno, de data 27 de outubro de 2017, aprobouse o convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a Construción e funcionamento da granxa experimental do Campus Terra, sendo asinado dito convenio o 04 de decembro de 2017.

O proxecto da obra de CASTRO DE REI.- Construción dunha unidade de leite na Granxa Gaioso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, foi aprobado pola Xunta de Goberno de data 03 de novembro de 2017, por un importe de 1.082.596,46 €, (sen IVE, ao aplicarse a doutrina de inversión do suxeito pasivo), dos que 557.921,46€ corresponden á anualidade de 2017 e 524.675,00€ á anualidade de 2018; e un prazo de execución de 6 meses (24 semanas).

A obra foi adxudicada a empresa COPCISA SA, por acordo da Xunta de Goberno de data 02 de marzo de 2018, na cantidade de 767.885,67 € e 161.255,99 € de IVE, (se ben aplícase a doutrina de suxeito pasivo, consonte ao establecido no artigo 84.un. da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre valor engadido); un aumento do prazo de garantía de 24 meses por enriba do valor obrigatorio de 12 meses; unha redución do prazo de execución de 8 semanas; un plan de comunicación por importe de 63.989,12€ e 13.437,72,€ de IVE, e un prazo de execución de 16 semanas (resultado de restar a redución de 8 semanas ao prazo inicial previsto de 24 semanas).



Con data 15 de marzo de 2018 formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo.

O día 22 de agosto de 2018 asínase a Acta de Comprobación do Replanteo da obra.

En data 26 de outubro de 2018, asínase Acta de Suspensión total da obra, reiniciándose a mesma o 05 de novembro de 2018, coa conformidade do contratista.

En data 23 de novembro de 2018, asínase Acta de Suspensión total da obra, reiniciándose a mesma o 20 de decembro de 2018, coa conformidade do contratista.

Por Resolución da Presidencia, de data 15 de xaneiro de 2019, prestouse aprobación ás actas de suspensión total, levantadas pola Dirección facultativa en datas 26 de outubro e 23 de novembro de 2018.

Por Resolución da Presidencia, de data 16 de xaneiro de 2019, aprobouse a ampliación do prazo de execución, das obras indicadas, ata o 22 de marzo de 2019, para dar cumprimento ás prestacións contractuais, así como acordouse a incoar expediente ao efecto de aplicación de penalidades previstas no artigo 212 do TRLCSP ou as que sinala o PCAP, polo que rexe a contratación desta obra. Neste sentido, polo responsable do contrato emitíuse informe en data 21 marzo de 2019, no que propón a non imposición de penalidades ao contratista.

Por Resolución da Presidencia de data 18 de febreiro de 2019, adxudicouse á mercantil MONSA URBANISMO SL, a redacción de Proxecto modificado “Construción dunha unidade de Leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra”.

Por Resolución da Presidencia, de data 22 de marzo de 2019, acordouse aprobar a ampliación do prazo de execución das obras indicadas, ata o 17 de maio de 2019, así como tramitar procedemento ao efecto de aplicación de penalidades previstas no artigo 212 do TRLCSP en relación coas cláusulas 29 e concordantes do PCAP reitor da licitación.

Na data do 21 de maio de 2019, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento escrito da mercantil MONSA URBANISMO SL, ao que acompaña tres exemplares de Proxecto modificado construción dunha unidade de leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, en formato dixital así como memoria que se incorpora ao expediente, na que indica que este modificado representa un incremento do 9,89543% sobre o proxecto vixente.

En data 06 de xuño de 2019, recíbese informe do enxeñeiro técnico agrícola da área de medio rural e do mar, D. Jaime Caldeiro Pérez, responsable do contrato, no que, entre outros, indica: “...O técnico que subscribe, responsable do contrato redacta o Informe de Proxecto Modificado en data 22 de xaneiro de 2019 que motiva o inicio do correspondente expediente en aplicación do artigo 234.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) e a necesidade de redacción dun Proxecto Modificado, en dito Informe detállase:

“... Á vista da análise e conclusións dos citados Informes e dos 32 Informes de Dirección de Obra ao Contratista presentados pola Dirección Facultativa, polo técnico que subscribe, constátase que será necesaria a modificación do proxecto inicial, posto que presenta as seguintes circunstancias segundo o Art. 107.1 puntos a) e b) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP):

Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

O proxecto refírese ao proxecto inicial.

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.



En concreto constátase a necesidade de modificación do Proxecto inicial e polo tanto a Redacción dun Proxecto modificado polas causas detalladas no Informe de defectos objetivos detectados en el documento “Proyecto para la Construcción de una Unidad de Leche en la Granja Gayoso Castro. Granja Experimental Campus Terra”. como “Relación de defectos objetivos detectados en el documento “Proyecto para la Construcción de una Unidad de Leche en la Granja Gayoso Castro. Granja Experimental Campus Terra”...”

Todas as causas que motivan a Redacción do Proxecto Modificado son atribuíbles ao Art. 107.1 a) do TRLCSP, a excepción da “5. Fosa de Purín y Estercolero. Fosa. Indadecuación de las determinaciones de proyecto: Obligatoriedad de instalación de drenaje bajo plano de cimentación por circunstancias de naturaleza hidrogeológica sobrevenidas durante la ejecución de la obra [aparición de surgencia de agua en la cara norte de la excavación]” que é atribuíble ao Art. 107.1 b) do TRLCSP...”

“... Como resultado de non adoptar esta medida de modificación do Proxecto as obras non serían idóneas para o desenvolvemento da actividade da Granxa Experimental do Campus Terra, non podendo realizarse esta.

Por todo elo é necesaria a redacción do Proxecto modificado do de “Construción dunha unidade de leite na Granxa Gayoso Castro.- Granxa Experimental Campus Terra”....”

En data 18 de febreiro de 2019 adxudícase a redacción do Proxecto Modificado “Construción dunha Unidade de Leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra” á empresa MONSA URBANISMO, S.L.

Realizouse a suspensión temporal total da obra con data 14 de maio de 2019 con efectos de 17 de maio de 2019, ata que sexa tramitado e aprobado o Proxecto Modificado.

En data 21 de maio de 2019 a empresa MONSA URBANISMO, S.L. entrega por Rexistro da Deputación de Lugo o Proxecto Modificado, en dito Proxecto Modificado a Dirección Técnica contempla as circunstancias enumeradas no Informe de defectos objetivos detectados en el

documento “Proyecto para la Construcción de una Unidad de Leche en la Granja Gayoso Castro. Granja Experimental Campus Terra” emitido en data 18 de xaneiro de 2019 xunto con algunha circunstancia a maiores.

A Modificación supuxo a introdución de unidades de obra non previstas no Proxecto Vixente, ou cuxas características difiren das fixadas neste, polo que en aplicación do artigo 234.2 do TRLCSP fixéronse os prezos aplicables, logo da audiencia do Contratista por un prazo mínimo de tres días hábiles.

Como no Proxecto Modificado é necesario a execución de unidades novas non previstas no Proxecto Vixente en aplicación do artigo 162 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dende a Dirección Técnica propóñense as Actas de prezos novos ou Actas de Prezos Contraditorios e un prazo de execución do Proxecto Modificado de 3 (tres) meses, todo elo coa conformidade por parte do Contratista.

Redacción do Proxecto Modificado.-

Por todo o anteriormente exposto redáctase o proxecto modificado “Construción dunha unidade de leite na Granxa Gayoso Castro. Granxa Experimental Campus Terra”, que contempla a satisfacción das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato cun orzamento de adxudicación de 843.871,26 € e 177.212,97 € de IVE, Total 1.021.084,23 €.

O orzamento de adxudicación do Proxecto modificado ven a ser 75.985,59 € e 15.956,98 € de IVE a maiores do orzamento de adxudicación do Proxecto inicial o que representa un 9,89543% a maiores do Orzamento de Adxudicación do Proxecto inicial, e polo tanto menor ao 10 % que contempla como máximo o Art. 107.3 do TRLCSP.

En aplicación do artigo 99.3 do TRLCSP como o Proxecto Modificado experimenta variación no seu prezo deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado.



Conclusiones.-

Tendo en conta as circunstancias expostas no puntos anteriores do presente informe e o informe sobre el Proyecto Modificado emitido pola Dirección Técnica en data 06 de xuño de 2019:

En consecuencia por quen subscribe enténdense que co Proxecto Modificado non se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación, non se altera o fin do contrato, non se engaden prestacións complementarias ás inicialmente contratadas e limítase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria dando cumprimento aos Artigos 105.2, 107.2 e 107.3 do TRLCSP. Xustifícase suficientemente a concorrencia dos supostos previstos no Artigos 107.1.a) e 107.1.b) do TRLSCP, polo que se propón a súa aprobación, así como a posterior adxudicación á empresa adxudicataria das obras, que presta esta a súa conformidade”.

En data 06 de xuño de 2019, recíbese informe de supervisión, favorable, do proxecto modificado referenciado no epígrafe.

Consideracions Xuridicas

Consonte ao previsto pola Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro (LCSP 2017), que sinala “... Los expedientes de contratación iniciados antes de la entrada en vigor de esta Ley se registrarán por la normativa anterior. A estos efectos se entenderá que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimientos negociados sin publicidad, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos.

Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se registrarán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior”, sendo este contrato licitado, adxudicado e asinado antes da entrada en vigor da LCSP/2017, resulta de aplicación o TRLCSP.

En aplicación do previsto no Art. 105.2 do TRLCSP a modificación do contrato non poderá realizarse con finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que podan cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. En informe de data 06 de xuño de 2019, do enxeñeiro técnico agrícola da área de medio rural, responsable do contrato, queda acreditado que non concorre ningunha destas circunstancias.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe na licitación (como é o caso que nos ocupa) solo poderá efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros u omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico , hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente , sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, acorde co estado da técnica, se haxa producido con posterioridade á adxudicación do contrato.



Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

No informe técnico indícase que corresponden coas circunstancias da letra a) e b) do artigo 107.1 do TRLCSP, “todas as causas que motivan a redacción do proxecto modificado son atribuíbles ao artigo 107.1 a) do TRLCSP, a excepción da “5. Fosa de Purín y estercolero. Fosa. Inadecuación de las determinaciones de proyecto: Obligatoriedad de instalación de drenaje bajo plano de cimentación por circunstancias de naturaleza hidrogeológica sobrevenidas durante la ejecución de la obra (aparición de surgencia de agua en la cara norte de la excavación), que é atribuíble ao artigo 107.1 b) do TRLCSP”

En todo caso, a modificación do contrato acordado ao abeiro do Art. 107.1 do TRLCSP non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato (Art. 107.2 e 107.3) fixando o parágrafo terceiro os supostos en que “ex lege” se produce esa alteración das condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato. Neste caso, o informe do técnico sobre o modificado xa indica “...por quen subscribe enténdense que co Proxecto Modificado non se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación...”

A modificación proposta, entendemos, non afecta ao fin do contrato, que incluso aparenta cumprirse mellor, nin tampouco á relación entre o obxecto e o prezo e as calidades básicas requiridas ao contratista. Tampouco muda o procedemento aplicado (aberto), e non afecta á publicidade aplicada e non convirte o procedemento en suxeito a regulación harmonizada ou susceptible de recurso especial en materia de contratación, consonte ao establecido no TRLCSP e incluso tamén na LCSP/2017, vixente neste momento. A porcentaxe de modificación respecto do prezo primitivo do contrato ascende ao 9,89543%, inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, nos termos previstos no artigo 107.3 d) do TRLCSP.

A documentación remitida a este Servizo de Contratación e Fomento pola Dirección da obra e Responsable do contrato, xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan a modificación non prevista na modificación que rexe a licitación (Art 107.1 TRLCSP) e concretamente: “Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que

pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas” e “Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non foxen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas”. Neste sentido, a perífrase utilizada como “maior adecuación da prestación” comparativamente coa inicialmente prevista, entendéndose, a sensu contrario, como unha inadecuación das prestacións contratadas respecto das posibles, conforme a normativa contractual, á técnica de execución das obras e mesmo ás bases do acordo polas partes, en sede contractual, engarzado co deber de boa administración.

Aos efectos do establecido no Art. 108 a modificación está redactada polo autor do proxecto técnico obxecto do contrato a modificar, e informada polo responsable do contrato.

No que atinxe ao procedemento establecido no Art. 211 do TRLCSP a modificación aparece aceptada polo contratista, con sinatura de conformidade, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 219 do TRLCSP as modificacións do contrato acordadas polo órgano de contratación son obrigatorias para o contratista.

Tratándose dun contrato de obras debe atenderse ao establecido no Art. 234 do TRLCSP, cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características defiran das fixadas naquel, os prezos aplicables serán fixados pola administración previa audiencia do contratista, trámite que se coñece como acta de prezos contradictorios. Este trámite enténdese cumprido coa sinatura de conformidade do contratista no proxecto, se ben esta modificación non supón a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Artigo 99.3 do TRLCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles



supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado. Neste caso procede reaxuste de garantía ao variar o prezo do contrato.

Tendo en conta que o contrato vixente foi adxudicado en 767.885,67€ e 161.255,99€ de IVE, e que o modificado importa 843.871,26€ e 177.212,96€ de IVE, o que supón un incremento de 75.985,59€ mais IVE; corresponde un reaxuste da garantía polo importe de 3.799,28€, (5% sobre 75.985,59€)

A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no Artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP). Neste caso prevese un reaxuste do prazo de execución, xa que na propia memoria do proxecto modificado, se indica como prazo de execución “... 3 meses a contar desde la firma del Acta de comprobación de replanteo de proyecto modificado”.

Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 2.1 “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación do contrato, nos restantes actos procedementais o órgano competente será o Ilmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial”, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011): aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018, como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento Orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018

Tendo en conta o informe da Secretaria Xeral de data 20 de maio de 2019 sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, do que se deu conta á Xunta de Goberno en sesión de 24 de maio de 2019, atopámonos ante un suposto de “administración ordinaria”. Trátase dun suposto dos denominados no devandito informe como

“zona de certeza” ou respecto do concepto xurídico indeterminado de “administración ordinaria”, con encaixe, en concreto, nos “actos de comprobación, actos debidos ou consecuencia necesaria doutros anteriores, que traduzan en termos operativos obxectivos predeterminados ou que supoñan valoracións segundo criterios predeterminados pola lei, os regulamentos, actos xenerais ou acordos corporativos”. Debe terse presente as obrigas asumidas pola Deputación Provincial, en relación coa USC, a través do convenio asinado o 04-12-2017. Doutra parte, non compromete, por tempo excesivo, o porvir institucional, e a modificación proposta ten relevancia escasa dentro do total da actividade da entidade provincial.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola Dirección técnica da obra CASTRO DE REI.- Construción dunha unidade de leite na Granxa Gaioso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o proxecto modificado da obra CASTRO DE REI.- Construción dunha unidade de leite na Granxa Gaioso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, redactado por MONSAS URBANISMO SL, por importe de 1.439.566,09€ (IVE incluído), con informe de supervisión favorable.

Aprobar a modificación do contrato da obra CASTRO DE REI.- Construción dunha unidade de leite na Granxa Gaioso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, adxudicado á mercantil COPCISA SA, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 1.021.084,23€ (IVE incluído). A contratación aplícaselle a doutrina de inversión do suxeito pasivo, en relación ao réxime do IVE,- artigo 84 da Lei 37/1992)

Aprobar o gasto, por importe de 91.942,57€ (IVE incluído). A contratación aplícaselle a doutrina de inversión do suxeito pasivo, en relación ao réxime do IVE,- artigo 84 da Lei 37/1992



Requirir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 3.799,28€, no prazo de quince días dende a notificación do presente.

Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

Sometelo a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.

Á vista do anterior e tendo en conta que na memoria do modificado e no informe do responsable do contrato das obras manifestase que se cumpren os requisitos establecidos no TRLCSP para as modificacións (art. 107.1.b), tendo en conta os informes dos Servizos propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra CASTRO DE REI.- Construción dunha unidade de leite na Granxa Gaioso Castro. Granxa Experimental Campus Terra, redactado por MONSAS URBANISMO SL, por importe de 1.439.566,09€ (IVE incluído), con informe de supervisión favorable.

2º.- Aprobar a modificación do contrato da obra CASTRO DE REI.- Construción dunha unidade de leite na Granxa Gaioso Castro. Granxa Experimental Campus Terra.- adxudicado á mercantil COPCISA SA, que prestou conformidade ao mesmo, na cantidade de 1.021.084,23€ (IVE incluído). A contratación aplícaselle a doutrina de inversión do suxeito pasivo, en relación ao réxime do IVE,- artigo 84 da Lei 37/1992)

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 91.942,57€ (IVE incluído). A contratación aplícaselle a doutrina de inversión do suxeito pasivo, en relación ao réxime do IVE,- artigo 84 da Lei 37/1992

4º.- Requirir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 3.799,28€, no prazo de quince días dende a notificación do presente.

5º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

6º.- Sometelo a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA A COOPERACIÓN NA CELEBRACIÓN DO RESURRECTION FEST 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Contratación e Fomento de data 5 de xuño do 2019, no que se recollen as seguintes antecedentes e consideracións.

“Antecedentes

Convenio interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro con data 25 de abril do 2019.

Certificación de rexistro da marca “Resurrection Fest” e contrato de cesión de dereito temporal de uso en favor da empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L.

Informe do Servizo de Turismo sobre a necesidade administrativa a satisfacer, insuficiencia de medios e non división en lotes.

Providencia de inicio do expediente de contratación.

Solicitud de consignación orzamentaria.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito.

Informe de desagregación de custos directos e indirectos.



Prego de prescricións técnicas.

Prego de cláusulas administrativas particulares.

Memoria xustificativa.

Acordo da Xunta de Goberno de data 20 de maio do 2019, polo que se aproba o expediente de contratación e o gasto proposto.

Convite cursado a empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. para presentar oferta.

Minuta da acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29-05-2019 para a calificación da documentación administrativa (sobre electrónico“A”) presentada, a apertura da documentación contida nos sobre electrónico “B” sobres relativos á oferta técnica e económica e o inicio da fase de negociación, e certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Convite cursado a empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. para presentar oferta na fase de negociación.

Informe do Servizo de Turismo en relación á adecuación da oferta técnica ao previsto no PPT.

Proposta presentada pola empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. en relación aos criterios obxecto de negociación.

Minuta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 03-06-2019, para dar conta do informe do Servizo de Turismo en relación á adecuación da oferta técnica ao previsto no PPT e da oferta presentada pola empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. en relación aos criterios obxecto de negociación recollidos na cláusula 12 do PCAP e certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Requirimento de documentación administrativa cursado á empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017 e que se recolle na cláusula 17 do PCAP.

Documentación presentada pola empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. con data 5 de xuño do 2019, en relación ao trámite sinalado no parágrafo anterior

Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Lei 17/2001, do 7 de decembro de marcas.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídicas.

Incoase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación dos servizos de produción técnica para a cooperación na celebración do RESURRECTION FEST 2019.

A mencionada contratación enmárcase dentro do convenio interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro con data 25 de abril do 2019, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración do Festival Resurrection Fest, ano 2019. O texto de dito convenio aprobouse mediante acordo da Xunta de Goberno de data 12 de abril do 2019. En concreto, a cláusula terceira do mencionado convenio sinala expresamente no seu apartado primeiro que a Deputación Provincial de Lugo comprométese a “(...) financiar, contratar, executar e desenvolver a súa costa, as actuacións obxecto deste convenio no referente a cooperación na celebración do festival Resurrection Fest 2019, en concreto no apartado de produción técnica”.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Excm. Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 17 da LCSP ao conformar prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas a obtención de un resultado, distinto de unha obra ou un subministro.

Os pregos de condicións elaborados para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Recolle, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no artigo 122 da LCSP, en relación co punto 7 do artigo 67 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP; criterios que figuran na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas.

A este respecto, sinalar que no informe denominado “Necesidade da contratación dos servizos de produción técnica para a cooperación na celebración do RESURRECTION FEST 2019, insuficiencia de medios e non división en lotes, emitido pola Xefa do Servizo de Turismo e que obra no expediente, faise mención específica a que a marca “RESURRECTION FEST”, segundo certificación que acompaña ao expediente, atópase rexistrada a nome de D. Iván Méndez Rodríguez na Oficina de Propiedade Intelectual da Unión Europea- EUIPO (anteriormente denominada Oficina de Harmonización do Mercado Interior- OAMI), con número de rexistro 01076150. Segundo contrato que tamén figura no expediente de data 1 de xuño de 2017, a empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L., ten cedido o uso temporal de dita marca no mercado nas edicións do Festival Resurrection Fest dos anos 2017, 2018 e 2019. O informe conclúe que de



acordo co exposto, ás prestacións que se pretenden contratar no marco do mencionado convenio interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro, unicamente poden ser encomendadas á dita mercantil.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados en atención á execución dos dereitos exclusivos que en relación co contido da propiedade industrial da marca do festival de música Resurrection Fest (artigos 1 e seguintes da Lei 17/2001, do 7 de decembro de Marcas), ostenta a empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L., a cal ten cedido o uso temporal no mercado de dita marca nas edicións do Festival Resurrection Fest dos anos 2017, 2018 e 2019, segundo certificación de marca e contrato que acompaña ao expediente, de data 1 de xuño de 2017, correspondéndolle por tanto a quen ostente a titularidade da marca o dereito exclusivo a utilizala no tráfico económico así como tamén a posibilidade de prohibir que terceiros, sen o seu consentimento, utilicen no tráfico económico determinados elementos identificativos de dita marca (artigo 34 da amentada norma). A marca pode ser obxecto de licenza (art. 48 da sinalada lei). En base ao anterior, xustifícase á contratación directa coa empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L., por ser a única á que se lle pode encomendar esta prestación ao abeiro do disposto no artigo 168 a) apartado 2º da LCSP, por ser procedente á protección de dereitos exclusivos, con amparo nunha norma especial como é a Lei 17/2001, do 7 de decembro de Marcas.; esta norma tal e como se expresa no seu preámbulo sinala que ten por obxecto o réxime xurídico dos “signos distintivos”, categoría xurídica que configura un dos grandes campos da propiedade industrial.

A maior abastanza pódese facer mención, entre outros, ao contido Informe 8/2017, do 21 de xuño de 2017, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Aragón, que obra no expediente e no que se analiza a posibilidade de empregar o procedemento negociado para a contratación de espectáculos musicais. Informe que se ben fai referencia ao articulado do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP), disposición actualmente derogada, o seu contido pode ser aplicable á presente licitación naquelas cuestións que a actual LCSP regula en termos similares ao TRLCSPP:

“(…) IV. La contratación de espectáculos musicales.(…)

Por cuanto respecta a la posibilidad de utilizar el procedimiento negociado, el art. 170.1.d TRLCSP habilita tal posibilidad:

“d) Cuando, por razones técnicas o artísticas o por motivos relacionados con la protección de derechos de exclusiva el contrato sólo pueda encomendarse a un empresario determinado.”

Hay que recordar que el previsto en dicho precepto es un procedimiento excepcional que solo puede utilizarse en los supuestos taxativamente previstos en la ley, debiendo ser objeto de interpretación restrictiva. En este sentido en un reciente Informe 2/2016, de 6 de abril, la Junta Consultiva de Contratación Administrativa de la Generalitat de Cataluña, señala que la circunstancia esencial que permite la utilización de este procedimiento es que no exista la posibilidad de promover la concurrencia. Y en nuestra Recomendación 1/2016, de 20 de abril, relativa a la utilización del procedimiento negociado ya señalábamos que la utilización de este supuesto exige la constatación y acreditación clara e irrefutable, de que concurre una situación de exclusividad.

Tal exclusividad, como precisa la Directiva 2014/24/UE en su considerando 50, debe de ser una exclusividad objetiva, que no haya sido creada por el propio poder adjudicador con vistas al futuro procedimiento de contratación. Actualmente, el artículo 32.2 b de la Directiva 2014/24/UE precisa que resultará posible acudir a este supuesto cuando las obras, los suministros o los servicios solo puedan ser proporcionados por un operador económico concreto por alguna de las siguientes razones:

“i) que el objetivo de la contratación sea la creación o adquisición de una obra de arte o actuación artística única...”¹

La cuestión que se debe resolver es qué se entiende en el caso de espectáculos musicales por “actuación artística única”. Sobre la subsunción de la contratación de servicios de espectáculos

¹ Aún que no se señala expresamente no Informe 8/2017 mencionado, otra das razóns contempladas no artigo 32.2 b da Directiva 2014/24/UE, en concreto a sinalada no seu punto iii), é que deban protexerse dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual o industrial.



musicales en el supuesto al que se refiere el art. 170.1.d TRLCSP la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, en su Informe 41/96, de 22 de julio de 1996, en el que expresamente se le preguntaba por el procedimiento de adjudicación de contratos que tuvieran por objeto “la contratación de un artista o grupo artístico que aporta su labor creativa al espectáculo (orquestas)”, se manifestó conforme con el criterio de que “las razones artísticas son suficientes para considerar que sólo puede encomendarse el objeto del contrato a un único empresario, pues una interpretación contraria dejaría vacío de sentido el precepto u obligaría a una labor ímproba de determinar cuándo una obra artística puede ser llevada a cabo o no por otro artista o empresario, introduciendo un elevado grado de inseguridad jurídica” (...)

Igualmente pódese facer mención á Resolución 125/2018 recaída no Recurso 1315/2017, do Tribunal Administrativo Central de Recurso Contractuais do 9 de febreiro do 2018, que no seu fundamento de dereito quinto, xustifica a utilización do procedemento negociado sen publicidade para a contratación de prestacións afectadas por dereitos de propiedade intelectual e industrial, sinalando textualmente o seguinte:

“En consecuencia, en este expediente (como lo fue en el expediente recurrido con el número 195/2016 señalado en el párrafo anterior) se mantiene y no se discute la titularidad sobre el uso de los derechos de propiedad industrial e intelectual corresponde exclusivamente a INDRA, y que la Administración tiene únicamente respecto de la misma un derecho de uso no transferible a terceros, no siendo posible sino el procedimiento negociado sin publicidad para contratar aquellos derechos de propiedad intelectual e industrial.”

Nesta Resolución, cítase unha precedente procedente do recurso e “*obiter dicta*” cabe citar os argumentos expresados na resolución 154/2016, dimanantes, en tanto que expresa– no seu fundamento xurídico 4º que si “el objeto del procedimiento fuera un producto patentado podría constituir un motivo para la contratación directa, mediante un procedimiento negociado sin publicidad, con el titular de la patente, tal y como indica el órgano de contratación en su informe..”

Por último, e dado que está directamente relacionado coa protección de dereitos exclusivos de propiedade intelectual e industrial, e o emprego do procedemento negociado sen publicidade regulado no artigo 168 da LCSP, citar tamén o Estudio jurídico sobre la condición de bienes

incorporales de la producción en televisión (derechos intelectuales) a efectos de la aplicación de la normativa de contratos públicos (Gimeno Feliu, Jose María) ², que na súa consideración terceira sinala:

“Por último, quedan por mencionar los supuestos en que se quieran adquirir unos derechos exclusivos sobre servicios donde existan derechos intelectuales que puedan ser objeto de explotación y no tienen carácter de propiedad incorporal. El artículo 168 LCSP habilita un procedimiento negociado sin publicidad cuando “las obras, los suministros o los servicios solo puedan ser encomendados a un empresario determinado, por alguna de las siguientes razones: que el contrato tenga por objeto la creación o adquisición de una obra de arte o representación artística única no integrante del Patrimonio Histórico Español; que no exista competencia por razones técnicas; o que proceda la protección de derechos exclusivos, incluidos los derechos de propiedad intelectual e industrial». El elemento de derechos de propiedad intelectual es evidente siempre que se pretenda la relación con una Universidad Pública en la que se ponga como valor para la decisión de adquisición un elemento diferenciador personalísimo”.

En determinados servicios audiovisuales, al margen de la propiedad incorporal, el poder adjudicador podrá utilizar este procedimiento. Y, aunque las cuantías fueran de un contrato menor, en una interpretación sistemática, resulta evidente que no funcionaría el límite cuantitativo global del artículo 118 LCSP, ya que no se aplica en los casos donde el “contratista”, tiene derechos exclusivos, o razones técnicas o económicas (así lo indica el propio 118.3 al señalar, con relación a ese límite, que “quedan excluidos los supuestos encuadrados en el artículo 168 a) 2.º”).

No informe de necesidade de contratación, relaciónanse tamén as cuestións relativas á execución de dereitos de exclusividade.

A presente contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada dado o importe do mesma, consonte ao establecido no artigo 22 do LCSP, desenvolto, nas contías pola Orden

² Gimeno Feliu, José María “*Estudio jurídico sobre la condición de bienes incorporales de la producción en televisión (derechos intelectuales) a efectos de la aplicación de la normativa de contratos públicos*”. Procedimientos de adjudicación”, en Cuadernos de Derecho Local Nº 48 2018. Contratación publica



HFP/1298/2017, do 26 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2018

Motívase a non división en lotes, segundo informe incorporado ao expediente emitido pola Xefa do Servizo de Turismo polo feito de que, por razóns de exclusividade (relacionadas na cláusula 8 do PCAP e sinaladas na consideración cuarta do presente informe), as prestacións obxecto da contratación soamente se lle poden encomendar á empresa que posúe os dereitos da marca do festival de música Resurrection Fest para a edición do ano 2019. A execución independente das distintas prestacións implicarían disfuncións na execución ante a necesidade de establecer unha coordinación finalista e compatible coa exclusividade do evento e a súa organización.

A maior abastanza, o apartado V do Preámbulo da LCSP, tras describir algunha das medidas que esta lei introduce en beneficio das PEMES, sinala textualmente que:

“Además de las anteriores, se encuentran aquí como medidas de apoyo a las PYMES todas las medidas de simplificación del procedimiento y reducción de cargas administrativas, introducidas con el objetivo de dar un decidido impulso a las empresas. Como medidas más específicas, se ha introducido una nueva regulación de la división en lotes de los contratos (invirtiéndose la regla general que se utilizaba hasta ahora, debiendo justificarse ahora en el expediente la no división del contrato en lotes, lo que facilitará el acceso a la contratación pública a un mayor número de empresas(...)). A LCSP invierte a regla xeral no que respecta á división en lotes co obxecto de facilitar o aceso á contratación pública a un maior número de empresas. Dado que no presente procedemento, polas razóns de exclusividade anteriormente sinaladas, non é posible promover a concorrência e polo tanto facilitar o aceso a esta licitación a un maior número de empresas, sendo esta a finalidade última do lexislador ao establecer como regra xeral a división en lotes dos contratos, queda totalmente xustificada a non división nesta licitación.

Existe Informe do Servizo de Turismo, no que faise mención a que se coidou que o orzamento base de licitación sexa axeitado aos prezos de mercado, sendo, por tanto, o prezo total do contrato adecuado para o seu efectivo cumprimento. Tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado nos artigos 100 e 101 da LCSP.

Non se prevé no PCAP a revisión de prezos.

Considerando que, en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo de data 20 de maio do 2019, cursouse convite con data 21 de maio do 2019 á empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L., para presentar oferta a través do Perfil do Contratante da Deputación de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na plataforma de contratos do Sector Público.

Visto que de conformidade coa minuta acta da mesa de contratación de data 29 de maio do 2019 e da certificación dos acordos adoptados en dita mesa, pola presidencia da mesa infórmase aos asistentes que a mencionada contratación enmárcase dentro do convenio interadministrativo de cooperación asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Viveiro con data 25 de abril do 2019, para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na celebración do Festival Resurrection Fest, ano 2019. O texto de dito convenio aprobouse mediante acordo da Xunta de Goberno de data 12 de abril do 2019. En concreto, a cláusula terceira do mencionado convenio sinala expresamente no seu apartado primeiro que a Deputación Provincial de Lugo comprométese a “(...) financiar, contratar, executar e desenvolver a súa costa, as actuacións obxecto deste convenio no referente a cooperación na celebración do festival RESURRECTION FEST 2019, en concreto no apartado de produción técnica”

Con tal fin iniciouse o presente expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, con invitación a un único contratista, motivado pola existencia de dereitos exclusivos relacionados co contido da propiedade industrial da marca do festival de música Resurrection Fest, que ostenta a empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L., a cal ten cedido o uso temporal no mercado de dita marca nas edicións do Festival Resurrection Fest dos anos 2017, 2018 e 2019. En base ao anterior, xustifícase á contratación directa coa empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L., por ser a única á que se lle pode encomendar esta prestación.



A continuación, pola Presidencia infórmase á Mesa, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

LICITADOR	DATA E HORA DE PRESENTACIÓN DA OFERTA
OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L.	24/05/2019 15:10:54

Tendo en conta que a única empresa concorrente á licitación presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico “A” (documentación administrativa). Resultando que a empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L, presenta a á documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (artigo 140 da LCSP) esixida nos pregos de cláusulas administrativas (en diante PCAP) debidamente cumprimentada axustándose en todo o seu contido aos requisitos esixidos nos citados pregos, a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida no Sobre electrónico B do licitador concorrente, relativa á oferta técnica e económica, que segundo o establecido na cláusula décimo cuarta do PCAP, deberá incluír a seguinte documentación:

“II. Sobre B " Oferta técnica e económica”

Conterá as especificacións técnicas das prestacións a realizar de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas, e o Anexo III, relativo á oferta económica, debidamente cumprimentado. En caso de non presentarse oferta técnica xunto co Anexo III, entenderase que o licitador executará o contido estrito do prego de prescricións técnicas, que en todo caso ten a condición de mínimo.

A oferta económica deberá indicar en partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deberá ser repercutido. Aqueles licitadores que se atopen exentos do Imposto sobre o Valor Engadido polas causas previstas na Lei reguladora de devandito imposto deberán presentar a documentación acreditativa desta circunstancia”

Pola súa banda a cláusula 6 do prego de prescricións técnicas (en diante PPT) sinala que:

“A oferta técnica que presente o licitador deberá contemplar de maneira obrigatoria os seguintes puntos, no mesmo orde dos especificados a continuación.

Índice

Introdución

Condições e características da prestación do servizo:

- a) Escenario principal (Main Stage)
- b) Son (Main Stage)
- c) Persoal adscrito ás prestacións do contrato”

A Mesa de Contratación, tras unha somera análise, comproba que a empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L., achega documento debidamente asinado contendo a oferta técnica cos puntos sinalados no PPT, xunto co anexo III (modelo da proposición económica), relativo aos criterios de adxudicación segundo o previsto na cláusula 12 do PCAP (Fase 1 do proceso de valoración de ofertas). O contido do Anexo III resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	ANEXO III. Modelo da proposición económica CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (ATA 70 PUNTOS)					
	A) PREZO (Ata 50 puntos)		B) MELLORAS SOCIAIS (ata 20 puntos)			
			Incremento do persoal mínimo adscrito ás prestacións do contrato (ata 10 puntos)		Contratación de persoal con discapacidade ou risco de exclusión social (ata 10 puntos)	
			Oferta	Puntuación	Oferta	Puntuación
OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L.	Oferta	Puntuación	Oferta	Puntuación	Oferta	Puntuación
	123.966,94 € (IVE non engadido)	0 puntos	1 (auxiliar de producción)	2,5 puntos	0	0 puntos

Tras a apertura do sobre B, a Mesa de Contratación adopta os seguintes acordos:



a) Dar traslado ao Servizo de Turismo, da oferta técnica presentada pola empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L, co obxecto de que por parte de dito servizo se emita informe respecto da adecuación da oferta técnica ao previsto polo PPT.

b) Iniciar a fase de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), condicionada á adecuación da oferta técnica presentada pola empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L. ao previsto no PPT de acordo co informe que por parte do Servizo de Turismo se emita ao respecto

Con data 3 de xuño do 2019, reúnese novamente a Mesa de Contratación, tal e como consta na minuta da acta que obra no expediente e na certificación dos acordos adoptados en dita mesa.

Nese acto, dáse conta do informe do Servizo de Cultura e Turismo en relación á adecuación da oferta técnica presentada por OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L. no ao previsto no prego de prescricións técnicas (en diante PPT). O mencionado informe, que obra no expediente, sinala na súa parte conclusiva que “En base ao anteriormente exposto, conclúese, que a oferta técnica presentada pola empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. para participar no procedemento de contratación dos servizos de produción técnica para a cooperación na celebración do Resurrection Fest, axústase no seu contido ás características técnicas das prestacións a realizar de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas reitor do mencionado expediente de contratación”. A Mesa acorda, facelo seu e, en virtude do mesmo, admitir a proposta presentada polo licitador ao considerar que cumpre coas determinacións establecidas no PPT reitor da presente contratación.

Acto seguido procédese a dar conta da proposta presentada pola mercantil OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L., en relación aos criterios obxecto de negociación (Fase 2 do proceso de valoración de ofertas), tras cursarse polo Servizo de Contratación o oportuno convite e responder a empresa dentro do prazo establecido, cos seguintes resultados:

LICITADOR	CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (Fase 2 do proceso de valoración)		PUNTUACIÓN TOTAL FASE 2
	A) REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE OCIO		
	Oferta	Puntuación	
OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L.	Instalación dun Punto Lila. Trátase dun espazo de concienciación sobre a igualdade de xénero e apoio e atención ás mulleres vítimas de agresión. Neste espazo, darase publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno	10 puntos	30 puntos ³
	Sesións de firmas. Mentres transcorre o festival, realizaranse diversas sesións nas que os artistas firmarán tarxetas, discos ou camisetas aos seus fans. Estas sesións realizaranse nun área onde se dará publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno	10 puntos	
	“Meets & Greet”. Esta actividade consiste en encontros limitados organizados nos que participan artistas e fans. Nestes encontros os fans poden interactuar cos seus ídolos e sacar fotos. Neste espazo, darase publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno	10 puntos	
	Entrevistas a bandas. O equipo de xornalistas do festival realizará entrevistas a diversas bandas nacionais e internacionais na zona de prensa. Estas entrevistas publicaranse durante todo o ano nos canles oficiais do festival. Nos vídeos publicados darase publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno	10 puntos	

³ De acordo co previsto na cláusula 12 do PCAP, o criterio de negociación puntuarase ata un máximo de 30 puntos, a razón de 10 puntos por cada actividade complementaria de ocio ofertada. Por este motivo, aínda que foron 4 as actividades ofertadas e cada unha puntúase con 10 puntos, a puntuación final do licitador nesta Fase 2 (criterios de negociación) é de 30 puntos.



A suma total das puntuacións obtidas polo licitador no proceso de valoración (Fase 1 e Fase 2) resúmese na seguinte táboa:

LICITADOR	PUNTUACIÓN FASE 1 (Criterios de adxudicación)	PUNTUACIÓN FASE 2 (Criterios de negociación)	TOTAL
OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L	2,5 puntos	30 puntos	32,5 puntos

Rematados os cálculos para a obtención das puntuacións totais na mesa de contratación, considerando que a proposta da única empresa concorrente se axusta aos requisitos mínimos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L	32,5 puntos

Requirir á empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L., único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

O Sr. Presidente da Excm. Deputación de Lugo aceptou a proposta feita pola mesa de contratación con data 3 de xuño do 2019 e consecuentemente, con data 4 de xuño 2019 resolveu requirir á empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L., único licitador concorrente no expediente de contratación, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas

administrativas. En base á amentada resolución, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento, na data do 4 de xuño do 2019. Esta documentación presentouse pola entidade referida con data 5 de xuño do 2019.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011); aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018; nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.

Todo o anterior, considerando o informe emitido pola Secretaria Xeral da entidade de data 20-05-2019 sobre a situación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais, no que se analiza o concepto de administración ordinaria e do cal se deu conta na sesión da Xunta de Goberna da Deputación Provincial de Lugo celebrada o 24 de maio do 2019. Estamos no “halo” de certeza dese concepto xurídico indeterminado “administración ordinaria”, en tanto que esta adxudicación é un acto consecuencia doutros anteriores, como sucede coa relación bilateral co Concello de Viveiro (Convenio de Cooperación) e a propia licitación precedente.”

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que á empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L., aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación dos servizos de produción técnica para a cooperación na celebración do RESURRECTION FEST 2019, a favor da empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L.



De acordo co previsto no artigo 150.3 da LCSP, nos procedementos negociados, de diálogo competitivo e de asociación para a innovación, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.

As prestacións dimanantes da fase de negociación, son as seguintes:

LICITADOR	CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (Fase 2 do proceso de valoración)
	A) REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DE OCIO
	Oferta
OLD NAVY PORT PRODUCCIONES S.L.	Instalación dun Punto Lila. Trátase dun espazo de concienciación sobre a igualdade de xénero e apoio e atención ás mulleres vítimas de agresión. Neste espazo, darase publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno
	Sesións de firmas. Mentres transcorre o festival, realizaranse diversas sesións nas que os artistas firmarán tarxetas, discos ou camisetas aos seus fans. Estas sesións realizaranse nun área onde se dará publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno.
	“Meets & Greet”. Esta actividade consiste en encontros limitados organizados nos que participan artistas e fans. Nestes encontros os fans poden interactuar cos seus ídolos e sacar fotos. Neste espazo, darase publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno
	Entrevistas a bandas. O equipo de xornalistas do festival realizará entrevistas a diversas bandas nacionais e internacionais na zona de prensa. Estas entrevistas publicaranse durante todo o ano nos canles oficiais do festival. Nos vídeos publicados darase publicidade á cooperación da Deputación Provincial de Lugo mediante a colocación de soportes publicitarios (tradicionais ou dixitais), nos que se inserirán os logotipos, marcas, imaxes, etc. que a entidade provincial estime oportuno.

En consecuencia, os termos definitivos das prestacións a efectuar pola adxudicataria, proceden das esixencias e cumprimento do establecido nos pregos reitores da presente contratación, da oferta inicial e do resultado final da fase de negociación.

O prazo de duración/execución do contrato será de un mes, desde o día seguinte no que se proceda á sinatura da acta de inicio das prestacións obxecto da presente contratación, ou no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do correspondente contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas. As prestacións obxecto do contrato segundo o previsto no prego de prescricións técnicas, celebraranse neste íter temporal.

O contrato adxudícase por importe de 123.966,94 euros, aos que se engadirán 26.033,06 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 150.000,00 euros.

Constitúen condicións especiais de execución ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, coas melloras dimanantes da oferta presentada pola adxudicataria. O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais constitúe causa de resolución contractual.

Constitúen condicións especiais de execución sen a cualificación de obrigas contractuais esenciais e cuxo incumprimento permitirá aplicar as penalidades impostas polo órgano de contratación, ás recollidas na cláusula 22.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

O contratista virá obrigado ao cumprimento da súa oferta inicial e da súa proposta final en relación aos criterios obxecto de negociación, que terá carácter contractual, ao igual que os pregos de condicións reitores, que deberá igualmente cumprir.

2º.- Publicar no perfil do contratante e notificar ao licitador, a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala na notificación da adxudicación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar



desde a remisión da notificación da adxudicación ao licitador, sen que se houbera interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5. - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos o Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como as propostas do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial, a Xunta de Goberno por unanimidade acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-6402 "Vicedo (LU-P-6404) - Cruz da Pardiñeira - Cristo de Portapena (LU-P-6406). ramal a LU-P-6401", P.K. 12+870 al 16+870. VICEDO.

Contratista: CARFERLO S.L.

-Obra: Rehabilitación de firme LU-P-1301, ramal 2, “Seoane do Courel (LU-651)- Hospital (LU-633) e ramais a Piñeira e Lousada- Vilela”, pk 1+480 al 2+580, LU-P-1303 “Seoane

(LU-P-1301)- Visuña- Ferramulín (LU-P-5004)”, pk 14+000 al 15+600, LU-P-1306 “Megoxe (LU-651)- Seceda- Ferreira do Incio (LU-642)”, pk 2+900 al 3+900, LU-P- 4501 “Poio (LU-633)- Louzarella- LU-P-5601 e acceso a Meiraos”, pk 6+800 al 7+800 e LU-P-5601 “Samos (LU-633)- Courel (LU-P-1301) e ramal a Santa Mariña”, pk 34+000 al 36+020. FOLGOSO DO COUREL.

Contratista: AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, SA.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE TITULARIDADE DE EMPRESA BENEFICIARIA BEN EMPREGADO IV.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Promoción Económica e Social:

“Considerando que con data 8 de setembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, Programa de Fomento do Emprego da Provincia de Lugo- Ben empregado IV, Fase I.

Tendo que o extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) Nº 221 do 25 de setembro de 2017.

Considerando que con data 29 decembro de 2017 a Deputación de Lugo aprobou a resolución definitiva de entidades beneficiarias, na que figuraba a empresa BE4/A-17-29938 Abelleira Vázquez C.B. coma entidade beneficiaria, con un importe de 4.102,32€

Tendo en conta que a entidade comunica á Deputación de Lugo un cambio de titularidade o día 16 de maio de 2019, de Abelleira Vázquez C.B. a Abelleira Rodríguez Oria.

Considerando que con data 4 de xuño de 2019, recíbese do servizo de contratación e fomento, informe favorable para dito cambio.

Tendo en conta que se xunta declaración responsable onde o beneficiario declara que a entidade que representa non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de



subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta que a vista da declaración responsable presentada pola entidade beneficiaria e dos certificados de atoparse o corrente de pago coa Axencia Tributaria, Facenda, Seguridade Social e Deputación Provincial de Lugo, considerase que cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria para ser beneficiaria da subvención.

Po todo o anterior, propónse á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Aprobar o cambio de titularidade da entidade beneficiaria BE4/A-17-29938 Abelleira Vázquez C.B. en favor de Abelleira Rodríguez Oria.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RESOLUCIÓN 2º CHAMAMENTO DA FASE II DO PROGRAMA TECENDO EMPREGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Promoción Económica e Social:

“Considerando que con data 8 de outubro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases que regulan o Programa Tecendo Emprego. O extracto da convocatoria e as bases da convocatoria foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) N° 239 do 18 de outubro de 2018.

Considerando que con data 1 de febreiro de 2019, aprobase a fase II do programa, fase onde se regula o procedemento de selección dos desempregados para as entidades beneficiarias.

Considerando que por resolución de presidencia de data 22 de marzo de 2019, noméanse os membros da comisión de valoración.

Considerando que con data 22 de marzo de 2019 reúnen os membros da comisión de valoración para determinar o protocolo a seguir xunto cos criterios de valoración para as entrevistas do Programa Tecendo Emprego, inspirados nos criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación, acordados na acta da mencionada reunión.

Considerando que con data 17 de abril do 2019 aprobouse o Anexo Perfís, coa relación definitiva de traballadores asignados ás entidades beneficiarias. Así mesmo aprobouse a listaxe de entidades beneficiarias que quedaron desertas co fin de proveelas dos candidatos axeitado, segundo se recolle no seguinte cadro:

EXPEDINTE	ENTIDADE
VETERANO - TÉCNICO DE ACTIVIDADE FÍSICA	ASOCIACIÓN FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER MONFORTE
VETERANO - PEÓN ESPECIALISTA	ASOCIACIÓN TERRITORIO VERDE
NOVEL - ASESOR/A TÉCNICO PARA EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS	ASOCIACION SECTORIAL LÁCTEA E AGRICOLA GALEGA
NOVEL - ASESOR/A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	ASOCIACION PROFESIONAL "GANDEIROS DE LUGO"
NOVEL - ASESOR/A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	ASOCIACION PROFESIONAL "GANDEIROS DE LUGO"
NOVEL - ASESOR/A TÉCNICO EMPRESARIOS DO MEDIO RURAL	ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL ODEGA
NOVEL - TRÁMITADOR/A FISCAL E LABORAL A ENTIDADES DO RURAL	ASOCIACION DE DESENVOLVEMENTO RURAL ODEGA
NOVEL - MONITOR DE INFORMÁTICA PARA CENTRO OCUPACIONAL	FUNDACIÓN PROTECCIÓN DISCAPACITADOS PSÍQUICOS VILALBA TERRA CHÁ
SENIOR - COIDADOR/A	ASOCIACIÓN A MARIÑA – COGAMI
NOVEL - TERAPEUTA OCUPACIONAL	ASOCIACIÓN A MARIÑA – COGAMI
NOVEL - MESTRE EDUCACIÓN ESPECIAL	ASPANAME
SENIOR - EDUCADOR/A SOCIAL	ASPANAME
NOVEL - TERAPEUTA OCUPACIONAL	AUXILIA LUGO
NOVEL - TERAPEUTA OCUPACIONAL	ASOCIACIÓN AGORA
SENIOR - MONITOR/A	ASOCIACIÓN OS PINCHACARNEIROS
NOVEL - RESPONSABLE PROGRAMA INSERCIÓN LABORAL	ANPA COLEXIO EDUCACIÓN ESPECIAL SANTA MARIA DE LUGO
NOVEL - TERAPEUTA OCUPACIONAL	ASPACE

Considerando que con data 30 de maio de 2019 realizáronse as entrevistas para a selección de candidatos do perfís das entidades que quedaron desertas no primeiro chamamento.



Considerando que con data 3 de xuño reúnese a comisión de valoración para propoñer o resultado das valoración das entrevistas ós candidatos do programa de acordo a base 8 da Fase II, o órgano instructor elevará a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, para a súa aprobación, a proposta da comisión de valoración (Anexo Perfís), no cal se asignaran a cada entidade os traballadores acorde ao perfil de traballo asignado na resolución da fase I. O resto de persoas solicitantes quedarán en lista de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración, baixas de maternidade, paternidade, ... sempre que o período de contratación subvencionable non exceda do 31 de agosto de 2020.

Considerando que os traballadores incluídos no Anexo Perfís compren cos requisitos establecidos nas bases do Programa Tecendo Emprego.

Considerando que ante a situación de que no proceso de selección un mesmo candidato ocupe o primeiro lugar en varios perfís, segundo o establecido na Base 3 da Fase II, a asignación do posto realizárase atendendo á orde de prelación establecido na solicitude, quedando ditos postos segundo se recolle no seguinte cadro:

PERFÍS	CANDIDATOS
ASESOR/A TÉCNICO PARA EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS	GARCÍA PAYO M ^a ISABEL
ASESOR/A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (LUGO)	DORADO RODA IVÁN
ASESOR/A TÉCNICO EMPRESARIOS DO MEDIO RURAL	LEDO FERREIRO CARLOS
NOVEL TERAPEUTA OCUPACIONAL	VILLARES GONZALEZ IRIA
NOVEL - TERAPEUTA OCUPACIONAL	DOMINGUEZ DOMINGEZ PAULA

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno :

Proceder a aprobación de Anexo Perfís do 2º Chamamento, asignación do traballador a entidade beneficiaria do Programa Tecendo Emprego. O resto de persoas solicitantes quedará na listaxe de reserva para o caso de que algún traballador non supere o período de proba ou para casos que poidan xurdir tales como baixas de longa duración...sempre que o período de contratación subvencionable non exceda do 31 de agosto de 2020”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8. - PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA PROVER DIVERSAS PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2016 E 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

“Celebrados os procedementos selectivos de Técnico/a Superior en Arquivística, Psicólogo/a, Enxeñeiro/a Técnico/a de Obras Públicas e Técnico/a de Información Profesional para Demandantes de Emprego, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 246, de 26 de outubro de 2018, e vistas as propostas dos Tribunais Cualificadores, visto que os aspirantes presentaron a documentación á que se refire o punto 13.1 das Bases Xerais que rexen as convocatorias, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos nas respectivas convocatorias, esta Presidencia, e atendendo ás propostas dos Tribunais Cualificadores e de acordo co punto 14.1 das Bases Xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva dos procedementos selectivos sinalados e:

Nomear a Dona Sabela Gayoso Carreira, para ocupar a praza número 868 de Técnica Superior Arquivística, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, Grupo A, Subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2016, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 246, de 26 de outubro de 2018; asignándoselle o posto de Técnica Superior Arquivística nº 1346.

Nomear a Don José Ramón Gallego Fernández, para ocupar a praza número 867 de Psicólogo, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Superiores, Grupo A, Subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 246, de 26 de outubro de 2018; asignándoselle o posto de Psicólogo nº 1344.



Nomear a Dona Marta Herbón Meilán, para ocupar a praza número 854 de Enxeñeira Técnica de Obras Públicas, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Medios, Grupo A, Subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 246, de 26 de outubro de 2018; asignándosele o posto de Enxeñeira Técnica de Obras Públicas nº 1338.

Nomear a Dona Ana Lucía Pardal Peña, para ocupar a praza número 880 de Técnica de Información Profesional para Demandantes de Emprego, Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Técnicos Medios, Grupo A, Subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario, correspondente á Oferta de Emprego para o ano 2017, cuxas bases fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia número 246 de 26 de outubro de 2018; asignándosele o posto de Técnica de Información Profesional para Demandantes de Emprego nº 1424”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9. - COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 136/2019-A.

Visto o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 136/2019-A, interposto por TECNOTEL CONTROL, S.L., contra esta Entidade, por desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por danos ocasionados no vehículo debido a un accidente de circulación na LU-P-411 de Santa Mariña a Guitara; a Xunta de Goberno, a proposta do director da Asesoría Xurídica, por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente, ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

10.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da Sentenza número 51/2019 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, ditada en recurso contencioso administrativo nº 45/2018-C interposto por MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., contra esta Entidade por desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos no vehículo a consecuencia dun accidente de circulación pola irrupción dun xabaril na calzada LU-P-1102 (de Coto a Castro Riberas de Lea); e en cuxo fallo di textualmente o seguinte: *“Estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de la entidad aseguradora MGS Seguros y Reaseguros, S.A. frente a la Diputación Provincial de Lugo contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, y en consecuencia, condeno a la Administración demandada a abonar a la recurrente la suma de 483 euros, suma que se incrementará con los intereses legales devengados desde el 30-06-2017, sin que proceda efectuar un especial pronunciamiento en costas”*.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo da cantidade de 300 euros en concepto de franquicia.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e seis minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.